



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS PARA AS PROBAS CELGA 2014

Para lle dar cumprimento ao disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e ao Plan xeral de normalización da lingua galega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, SXPL), no exercicio das súas competencias, recollidas no Decreto 4/2013 do 10 de xaneiro, anuncia a **próxima realización de cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.**

Coa finalidade de que poida participar nestes cursos o maior número de persoas interesadas é preciso que a Administración local, por medio das deputacións, concellos, mancomunidades, consorcios e agrupamentos de concellos (en adiante entidades locais) lle fagan chegar á SXPL as demandas de formación do seu ámbito territorial. A dita demanda poderá facerse conxuntamente entre varias entidades.

Destinatarios:

Persoas maiores de 16 anos ou que os fagan durante o ano 2014.

Organización:

As entidades locais, cando teñan como mínimo 20 persoas preinscritas, faranlles chegar aos Gabinetes de Normalización Lingüística da correspondente provincia a demanda de formación do seu ámbito territorial, a través dos seguintes enderezos de correo electrónico. Para iso deberán empregar o modelo que se achega facendo constar os datos das persoas preinscritas.

Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña: sxpl.acoruna@xunta.es

Gabinete de Normalización Lingüística de Lugo: sxpl.lugo@xunta.es

Gabinete de Normalización Lingüística de Ourense: sxpl.ourense@xunta.es

Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra: sxpl.pontevedra@xunta.es

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as persoas preinscritas deberán autorizar as entidades locais a lle facilitar os seus datos de carácter persoal á SXPL.

Datas de realización dos cursos:

Meses de abril e maio.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Prazo:

O prazo máximo para lles remitir o correo electrónico aos Gabinetes provinciais de Normalización Lingüística é o día **24 de febreiro de 2014**.

Programación:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da SXPL, en función da demanda de formación e dos recursos dispoñibles, planificará a programación dos cursos, onde constarán os niveis de formación que se van impartir, a localidade, as datas e os horarios de realización.

Esta programación, así como calquera outra información referente aos cursos, publicárase na páxina web da SXPL: www.xunta.es/linguagalega.

Desenvolvemento dos cursos:

Unha vez publicada a programación, os Gabinetes de Normalización Lingüística poñeranse en contacto coas entidades locais solicitantes e coas persoas preinscricas no seu ámbito provincial, para que formalicen a súa inscrición na entidade onde se vaia impartir o curso solicitado.

Estes cursos de formación preparatorios das probas Celga son voluntarios e gratuítos.

Teléfonos de información:

Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña: 981 184 898 // 981 182 350

Gabinete de Normalización Lingüística de Lugo: 982 294 162 // 982 294 162

Gabinete de Normalización Lingüística de Ourense: 988 386 649 // 988 386 659

Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra: 986 805 956 // 986 805 957

Modelo que deben empregar as entidades locais.

Cando se solicite máis dun curso, a entidade local deberá achegar a listaxe de persoas preinscricas correspondentes a cada curso.

Secretaría Xeral de Política Lingüística

